

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE XANEIRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

Secretaria-Interventora:

D.^a Anabel Corral Corral

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e nove de xaneiro de 2013, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste por causa xustificada, a concelleira Dna. Isabel Sesar Otero

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Anabel Corral Corral.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACION ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Por non terse repartido acta da sesión anterior, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE CREACIÓN OU MANTEMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, do Servizo de Fomento, rexistro con entrada n^o. 16 en data 07/01/2013 no que se comunica a resolución de aboamento con carácter de anticipo prepagable o 50% da subvención concedida para o financiamento de creación ou mantemento do servizo lingüístico, anualidade 2012, no marco do convenio de cooperación n^o 229/2012, con data do 04/10/2012:

Concello	Concedido	Anticipo 50%
Boimorto	6.000,00 €	3.000,00 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A CERTIFICACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PCC PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de xestión de plans, rexistro de entrada n^o 31 en data 10/01/13, no que se comunica a aprobación da certificación única da obra que se detalla:

Plan: PCC PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS

Obra: Captación en Rodieiros para abast. agua

Distribución do financiamento	Importe
Concello fondos propios	4.944,41
Deputación fondos propios	92.736,73
Total certificación:	97.681,14

e o libramento da subvención da deputación por importe de 92.736,73 €uros
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA ACTIVIDADE CULTURAL 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de cultura e deportes, rexistro de entrada nº 101 en data 24/01/13, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para actividades culturais 2012. Importe a aboar: 657,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA ACTIVIDADE DEPORTIVA 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de cultura e deportes, rexistro de entrada nº 60 en data 14/01/13, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para actividades deportivas 2012. Importe a aboar: 655,02 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA PROGRAMAS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, DIRIXIDOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES PARA ACTIVIDADES NO ANO 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada nº 38 en data 11/01/13, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para actividades de promoción económica 2012. Importe a aboar: 638,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO - PROXECTO FORMATIVO PARA MULLERES DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada nº. 120 en data 25/01/13 no que se notifica a resolución de aprobación da xustificación do proxecto formativo para mulleres do Concello de Boimorto, da convocatoria para Desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero por importe de 7.599,00 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- ACORDO DE ALTERACIÓN DE TITULARIDADE NA BASE DE DATOS DO CATASTRO

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, rexistro de entrada nº 131 en data 28/01/13, no que se acorda inscribir a nome do Concello de Boimorto a parcela número 91 do polígono catastral 4, paraxe Fros, referencia catastral 15010A004000910000KG.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DO GDR ULLA TAMBRE MANDEO COMUNICANDO QUE ESTÁ PENDENTE DE PAGO A COTA DE SOCIO ANUAL DO 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xerenta do GDR UTM Ulla Tambre Mandeo, rexistro de entrada nº 10 en data 04/01/13, no que comunica que está pendente a cota de socio anual de 30 euros, correspondente ó 2012 e que tamén se pode facer efectivo o pago da cota da anualidade vixente, 2013 na conta habilitada para tal fin en Nova Galicia Banco nº 2080-0370-94-3040006813

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que polos servizos de intervención contabeis se proceda ao pago da cota dos anos 2012 e 2013.

2.1.9.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME REALIZADO POLOS FUNCIONARIOS PERTENCENTES Á SECCIÓN DE INVESTIGACIÓN DA UNIDADE DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA ADSCRITA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA SOBRE VERTEDOIRO DE RCD'S NO LUGAR DE ARENTÍA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada 33 en data 10/01/13, onde se achega informe realizado polos funcionarios pertencentes á Sección Operativa de Investigación da Unidade do Corpo Nacional de Policía sobre vertedoiro incontrolado de RCD'S, plásticos, madeira, no lugar de Arentía.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que polos servizos técnicos municipais se emita aos efectos de comprobación o correspondente informe.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.

3.1.- LICENZAS

3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 1/2013

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 76, con data 21/01/2013, presentada por José María Vigo Barreiro, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Casal nº 4, Brates, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Casal, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora pola taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José María Vigo Barreiro, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Casal, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 99, con data 24/01/2013 presentada por D. José Luis Novo Veiga con DNI 76510359P, con domicilio a efectos de notificación en Lugar Vista Alegre nº 9, parroquia de Boimil, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador correspondente á vivenda sita no lugar de Codesido núm. 3, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 02-150809 que figura a nome de D. José Luis Novo Veiga, correspondente ao inmovible sito no lugar de Codesido nº 3 da parroquia de Boimil, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2013.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Codesido nº 3, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria accidental que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidad e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 1/2013) PARA REFORMA DE SOLEIRA, MURO E CONDUCCIÓN DE AUGAS PLUVIAIS NO LUGAR DE IGLESIA Nº 8 PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. BENJAMÍN GAREA MONTERROSO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Benjamín Garea Monterroso, con DNI núm. 33132728D, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Iglesia 8, Dormeá, solicitude con rexistro de entrada no Concello núm. 1.585 de data 02/10/2012 para reforma de soleira, muro e conducción de augas pluviais no lugar de Iglesia 8, parroquia de Dormeá (solo de núcleo rural, coa ordenanza de núcleo orixinario denso) segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Ángel Penas García, colexiado nº 1.700.

Tendo en conta que as obras contan con autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (expediente nº 1456/12).

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 4657, con data 08/10/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Benjamín Garea Monterroso, con DNI nº 33132728D (LO 1/2013), para reforma de soleira, muro e condución de augas pluviais no lugar de Iglesia 8, parroquia de Dormeá (solo de núcleo rural, coa ordenanza de núcleo orixinario denso) segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Ángel Penas García, colexiado nº 1.700.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **2.475,73 €uros.**

Liquidación 2%: **49,51 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Benjamín Garea Monterroso, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 2/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NA RÚA BOIDO Nº 1 (BOIMORTO), TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. MARÍA CONCEPCIÓN GARCÍA GAREA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. María Concepción García Garea, con DNI núm. 34221152G, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 1 da rúa Boido do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 15 de data 07/01/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita R/ Boido núm. 1, Boimorto, (solo urbano) segundo presuposto e fotografía presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 14/01/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dña. María Concepción García Garea, con DNI núm. 34221152G (LO 2/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita en R/ Boido núm. 1, Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografía presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **5.480,00 €uros.**

Liquidación 2%: **109,60 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dña. María Concepción García Garea, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 3/2013) PARA REPARACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO NÚMERO 9 DO LUGAR DE POUSADA, PARROQUIA DE MERCURÍN, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL LÓPEZ CAJIDE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Manuel López Cajide, con DNI nº 33132886Y, e con domicilio para os efectos de notificacións

no número 9 do lugar de Pousada, pertencente á parroquia de Mercurín, solicitude con entrada no concello nº 1.781 con data 31/10/2012 para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Pousada nº 9, parroquia de Mercurín, segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 22/10/2012. Constando nomeamento de director de obra a D. Manuel Varela CaaBeiro arquitecto colexiado nº 2117.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.29599) e incorporado ao expediente a resolución de data 29 de xuño de 2012, no que autoriza as obras, indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 05/11/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa categoría de orixinario denso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Manuel López Cajide, con DNI nº 33132886Y (LO 3/2013), para a realización das obras de reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Pousada nº 9, parroquia de Mercurín, segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 22/10/2012 co número 1210781.2, asumíndose a dirección de obra por D. Manuel Varela Caabeiro arquitecto colexiado nº 2117.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada os condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 10.488,83 €

Liquidación 2%: 209,78 €- 146,85 € da bonificación do 70% na cota do ICIO recoñecida polo Pleno municipal en sesión celebrada o día 27/12/2012 = **62,93 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Cajide López, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS EN CASAL, PAZO, CARBALLIDO, BARRAL E PIÑEIRO” COPNSP 1/2013

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos no marco do DTC 94, para a execución da obra de “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro”.

Sendo necesario o inicio de expediente de contratación da obra “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro” constando no expediente proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 redactado en setembro 2012 aprobado polo Pleno en sesión de data 27/09/2012 cun orzamento de execución por contrata de 37.053,71 €uros (ive incluído) 30.622,90 sen ive, ive = 6.430,81 €, constando no expediente

informe de data 22/01/2013 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2013 2013.45.8H.62900 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013

Visto informe de secretaría de data 22/01/2013 sobre o procedemento contractual, así como os prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas en plans provinciais da Excma. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que constan no propio proxecto de obras.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, estando esta obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña a través do Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local no mantemento dos viais municipais e garantía da seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia nesta Xunta de Goberno Local e en aplicación do disposto no artigo 109 e na disposición adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro” prevista no proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro 2012 cun orzamento de execución por contrata de 37.053,71 €uros (ive incluído) (30.622,90 sen ive, ive = 6.430,81 €) por procedemento negociado sen publicidade por razón da cuantía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme ao proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente e foi publicado pola Excma. Deputación Provincial en BOP de 01/06/2012 nº 103, xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade, recollendo o cadro de características do contrato os criterios de adxudicación concretando a súa baremación o prego de condicións particulares.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 37.053,71 € sobre a partida 2013.45.8H.62900 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2013 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes

empresas: Antonio Filloy S.A. NIF A-36.016.665, Construcciones González y González S.L. con NIF nº B-15.165.004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. con NIF nº B-15.025.372.

4.2.2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS EN CAMPO DA LANZA, LIÑEIRO, PEDREIRA, QUINTÁS, SOUTO, CURRÁS, LOBOMORTO E RIBADAS” COPNSP 2/2013

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos no marco do DTC 94, para a execución da obra de “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas”.

Sendo necesario o inicio de expediente de contratación da obra “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas” constando no expediente proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 redactado en setembro 2012 aprobado polo Pleno en sesión de data 27/09/2012 cun orzamento de execución por contrata de 78.591,04 €uros (ive incluído) 64.951,27 sen iva, iva = 13.639,77 €, constando no expediente informe de data 22/01/2013 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2013 2013.45.7H.62900 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013

Visto informe de secretaría de data 22/01/2013 sobre o procedemento contractual, así como os prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas en plans provinciais da Excma. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que constan no propio proxecto de obras.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, estando esta obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña a través do Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local no mantemento dos viais municipais e garantía da seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia nesta Xunta de Goberno Local e en aplicación do disposto no artigo 109 e na disposición adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas” prevista no proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en setembro 2012 cun orzamento de execución por contrata de 78.591,04 €uros (ive incluído) (64.951,27 sen iva, iva = 13.639,77 €) por procedemento negociado sen publicidade por razón da cuantía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme ao proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente e foi publicado pola Excma. Deputación Provincial en BOP de 01/06/2012 nº 103, xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de

obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade, recollendo o cadro de características do contrato os criterios de adxudicación concretando a súa baremación o prego de condicións particulares.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 78.591,04 € sobre a partida 2013.45.7H.62900 do anexo de inversión do orzamento municipal para a anualidade 2013 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013

CUARTO .- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do Real Decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: Antonio Filloy S.A. NIF A-36.016.665, Construcciones González y González S.L. con NIF nº B-15.165.004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. con NIF nº B-15.025.372.

4.2.3.- MODIFICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O PROGRAMA INFORMÁTICO PARA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Logo de ver o expediente de contratación para o mantemento do programa informático para a Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto cuxa adxudicación acordouse pola xunta de goberno local en sesión celebrada en data 27/9/2012 a favor da empresa TDS, Consultores S.L con NIF B47207634.

Considerando que a prestación do servizo estase a relizar cun 1 usuario concurrente menos dos incluídos no acordo de axudicación de data 27/09/2012, a Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificar con efectos 1 de marzo de 2013 o prezo do servizo de mantemento do programa informático para a Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto por importe mensual de 59,29 euros IVE INCLUÍDO, adxudicado pola xunta de goberno local en sesión celebrada en data 27/9/2012 á empresa TDS, Consultores S.L con NIF B47207634.

SEGUNDO.- Conceder á citada empresa un prazo de audiencia de 10 días hábiles, contados dende o seguinte á recepción do presente acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á empresa TDS, Consultores S.L con NIF B47207634 e aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS.

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets 04/1/13	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña reunión coas <input type="checkbox"/> traballadoras sociais do	

Tickets 26/01/13		hospital clínico Peaxe viaxe excursión a San Andrés de Teixido o día 26/01/2013	1,75 € 6,90 €
151713FC0000090-29/01/13	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obrigatoria do trator matrícula E6306BCB	33,90 €
S 13001-7/01/13	Tedaga, S.L. / B-15479793	Sonorización e iluminación do Certame de Reis 2013 o 5 de xaneiro de 2013	1.391,50 €
C 87971-15/01/13	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Material de mantemento vehículos municipais	1.756,85 €
13A/000010-03/01/13	Toldos Gómez, S.L. B-15274459	Rectificación pancarta Certame de Reis en galego	38,72 €
34/01C-26/03-01-13 Abono 34/01C-115/09-01-13	Mercash Sar S.L. B36007409	Caramelos Cabalgata de Reis 2013 Abono devolución caramelos	52,33 € -24,13 €
Recibo: 3308571/01-03/01/13	Editorial Compostela, S.A. / A15000391	Subscrición El Correo Gallego período 01/01/13-31/12/12	440,00 €
8510194-23/01/13	Office Depot, S.L./ ESB80441306	Tóner para impresora de contabilidade e centro maiores	375,60 €
FR13/0000010-07/01/13	Martínez Rectificadora Lucense, S.L. / B-27009851	Reparación desbrozadora	1.026,54 €
1300003A13-02/01/13	Gerimedical, S.L. / B-15848575	Esponxas de baño e babeiros para a miniresidencia	467,54 €
203-4/13 F-2/01/13	Aquagest, S.A.U. / A28220606	Control calidade de auga do abastecemento municipal decembro 2012	485,10 €
B/84-18/01/13	Oscar Carreira García / 78796945A	Material de limpeza para o concello	90,47 €
Recibo: 464278043-04/01/13 Recibo: 464268348-22/01/13	Mapfre Familiar, S.A. / A28141935	Seguro do camión grande de recollida de lixo período de vixencia 02-01-13/02-01-14 Seguro da pala-desbrozadora período de vixencia 18-01-13/18-01-14	1.098,99 € 151,35 €
Recibo: 470116091-23/01/13	Mapfre Vida, S.A./ A28229599	Seguro altas programa voluntariado período de vixencia 22-01-13/07-06-13	25,26 €
000084-14/01/13 000085-14/01/13	Control de Plagas Andrade SL/B15989692	Cota bimensual polos servizos de desinfección, desinsectación e desratización miniresidencia e centro de día Cota bimensual polos servizos de desinsectación e desratización colexio, casa de cultura, centro de saúde e casa consistorial	108,90 € 356,41 €
271-15/01/13	Hotel Balneario de Compostela / B-15912868	Asistencia a sesións balneario o 15/01/13. Subv. Deput. Servizos Sociais 2012	270,07 €

561-22/01/13		Asistencia a sesións balneario o 22/01/13. Subv. Deput. Servizos Sociais 2012	180,05 €
31-16/01/13	María García Liñeira 76517938C	Tres comidas servidas reparación avaría de auga xunto o bar de Vilanova	29,70 €
04275-26/01/13	Restaurante-Marisquería O Salvora / 76386575X	70 menús do día excursión a San Andrés de Teixido o día 26/01/2013	910,00 €
F12/05665-04/01/13 □	Arzuagas, S.C. / J- 15927882	Subministro de tres cargas de propano para a miniresidencia	198,60 €
01/2013-07/01/13	Boimorto Engineering Productions S.L. / B70341169	Aluguer, transporte, montaxe e desmontaxe con motivo do IX Certame Cantares de Reis	2.413,95 €
3/2013-15/01/13	Luís Urquijo Zamora / 34892706G	Castaño para repoñer nas fincas de Brates	833,25 €
01/2013-14/01/13	José M. Presedo Mira / 44848185W	Montaxe, posta en funcionamento e desmontaxe do alumeado navideño	1.000,00 €
02/2013-14/01/13		Aluguer grupo electróxico para certame Cantares de Reis	300,00 €
013CV/31-25/01/13	Ems Aytens, S.L. / B15497100	Electrodos máquina fisioterapia na miniresidencia	10,90 €
013CV/32-25/01/13		Cambio de soporte de enrolables na miniresidencia	112,00 €
20130003-02/01/13	Sycigal, S.L. / B- 15992100	Carteis sinalización extintores	227,48 €
150-29/01/13	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Material carroza de Reis	34,85 €
151-29/01/13		Material servizo de augas	14,88 €
152-29/01/13		Material centro de maiores	18,03 €
153-29/01/13		Material campo de fútbol	18,88 €
154-29/01/13		Material para o colexio	24,20 €
155-29/01/13		Material de mantemento	153,31 €
2013-10005296- 10/01/13	Wolters Kluwer España S.A. A58417346	Suscripción a "El Consultor" período 01-2013 a 12-2013	2.224,56 €
AR314638-15/01/13	ABM-REXEN. S.L.U. B-28262822	Material subministrado para o alumeado público	1.436,10 €
005/13-28/01/13 □	Cerne Ingeniería, S.A. A15056468	Servizo de asistencia técnico-urbanística mes de xaneiro 2013	2.420,00 €
0000191-01/01/13 □	TDS Consultores, S.L. B-47207634	Mantenemento aplicación Geriges mes de xaneiro 2013	95,59 €
714.408-10/01/13	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantenemento ascensor casa consistorial mes xaneiro/13	328,90 €
715.052-10/01/13 □		Mantenemento ascensor Centro Residencial mes xaneiro/13	329,18 €
512-05/01/13	Oscar Vidal García / 79335867-N	Reparación barredora polideportivo	71,67 €
28-A382-035520 01/01/13	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles período 18/11/12 a 17/12/12	158,36 €
TA4680473391	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	35,73 €
TA4680473390		Recibo teléfono xulgado de	

TA4680484915		paz	25,06 €
TA4680473393		Recibo teléfono oficinas Concello	392,33 €
TA4680493204		Recibo teléfono PAI	25,08 €
TA4680493721		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	20,10 €
TA4680487266		Recibo teléfono miniresidencia	87,57 €
TA4680484622		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	93,32 €
19/01/13		Recibo teléfono ascensor casa consistorial	16,91 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/01/2013

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas

1.- HERMITAS GONZÁLEZ SÁNCHEZ - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a Hermitas González Sánchez.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo do 2013. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

5.3.- ESCRITO DE D. JOSE ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA "SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BRATES)".

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 30 con data 10/01/2013, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polas seguintes obras:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Saneamento na parroquia de Brates	9.376,10 €	30/12/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 15/01/2013 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, en aval bancario, xa que ditas obras atopanse en perfecto estado de conservación e funcionamento.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.4.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA DO SEGUNDO SEMESTRE DE 2012

Logo de ver o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A).

Considerando que este Concello, como entidade subministradora de auga, ven obrigado ao pagamento das cantidades correspondentes ao canon de auga que non repercutisen aos seus abonados cando está obrigado a facelo conforme ao disposto na normativa do canon da auga (art. 63.11 da Lei de augas de Galicia) así como o canon da auga de consumos propios correspondentes ao ano anterior, artigo 51 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Realizado o cálculo en función do número de usuarios do segundo semestre de 2012 e máis os edificios municipais que se detalla na seguinte taboa

CANON DE AUGA NON REPERCUTIDO QUE DEBERIA EMITIRSE NO SEMESTRE

	Usos de auga	Nº de facturas	Volume (m3)	Cota fixa (€)	Cota variable (€)	Cotal total (€)
Canon non repercutido	Doméstico	1.378	20.670	2.067	0	2.067
	Asimilado a doméstico	18	270	27	0	27
	Non doméstico (volume)					
	Non domésticos (carga contam.)					
	Específicos <input type="checkbox"/>					
	Total canon non repercutido					

	do	1.396	20.940	2.094	0	2.094
--	----	-------	--------	-------	---	-------

CANON DA AUGA CONSUMOS PROPIOS CORRESPONDENTE AO ANO ANTERIOR

	Usos de auga	Nº de facturas	Volume (m3)	Cota fixa (€)	Cota variable (€)	Cotal total (€)
Canon consumos propios <input type="checkbox"/>	Doméstico	0	0	0	0	0
	Asimilado a doméstico	4	892	18	616.55	634.55
	Non doméstico (volume)					
	Non domésticos (carga contam.)					
	Específicos <input type="checkbox"/>					
	Total canon non repercutido		4	892	18	616.55

Pola secretaria advírtese do establecido no artigo 49 do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais e que transcrito literalmente di:

1. No suposto de abastecemento por entidade subministradora, esta deberá repercutir integramente o importe do canon da auga sobre o contribuínte, que queda obrigado a soportalo. O canon será exixible ao mesmo tempo que as contraprestacións correspondentes á subministración.

.....

4. A repercusión deberá facerse constar de maneira diferenciada na factura ou recibo que emita a entidade subministradora para documentar a contraprestación dos seus servizos, cos requisitos indicados no número 2, e queda prohibida tanto a súa repercusión como o seu cobramento de forma separada, sen prexuízo do establecido nos artigos 50 e 51 e no número 5 do artigo 52.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao segundo semestre 2012 por importe total de 2728,55 euros con cargo a partida 1.225.01 do orzamento municipal de 2013

SEGUNDO.- Efectuar o ingreso na conta número 2080/5355/60/3110037252 de Nova Galicia Banco.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 422 e 428 do exercicio 2012 e 5, 13, 15, 17 e 20 do presente exercicio 2013, dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:15 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez